

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Aprobación do padrón relativo á taxa por utilización das instalacións deportivas municipais así como polas prestacións de servizos nelas (Ordenanza fiscal n.º 26) correspondente ao mes de xuño de 2020

EDICTO

O día 25 de xuño de 2020 aprobouse, por decreto da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do Concello de Ferrol, o padrón relativo á taxa por utilización das instalacións deportivas municipais así como polas prestacións de servizos nelas (Ordenanza fiscal n.º 26) correspondente ao mes de xuño de 2020.

Segundo o que establece o artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e a través deste edicto expónse ao público o citado padrón polo prazo de 15 días e se procede a notificar colectivamente aos contribuíntes.

Contra as liquidacións individuais que son obxecto desta notificación colectiva poderase interpoñer, ante a Alcaldía do Concello de Ferrol, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes a contar dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia segundo o que establece o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Ferrol, 7 de xullo de 2020.

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

M.^a Teresa Deus Trasobares

2020/4561